



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

**Modelo MD85PRO01**

**Programación de HARMONÍA**

**3º e 4º de Grao Profesional**

**Curso 2024 - 2025**



## Índice

---

<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
<b>2. Metodoloxía</b>	<b>3</b>
<b>3. Atención á diversidade</b>	<b>4</b>
<b>4. Temas transversais</b>	<b>5</b>
4.1 Educación en valores	5
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	6
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>7</b>
<b>6. Secuenciación do curso</b>	<b>7</b>
6.1 Curso:3º harmonía grao profesional	8
1.1.1. Obxectivos	8
1.1.2. Contidos	10
1.1.3. Avaliación	13
- Criterios de avaliación	14
- Mínimos esixibles	17
- Procedementos e ferramentas de avaliación	18
- Criterios de cualificación	19
- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	21
1.1.4. Medidas de recuperación	22
- Procedementos de recuperación ordinarios	22
- Procedementos de recuperación extraordinarios	23
Recursos didácticos	24
6.2 Curso:4º harmonía grao profesional	25
1.1.1. Obxectivos	25
1.1.2. Contidos	27
1.1.3. Avaliación	30
- Criterios de avaliación	30
- Mínimos esixibles	36
- Procedementos e ferramentas de avaliación	38
- Criterios de cualificación	39
- Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	40
1.1.4. Medidas de recuperación	41



- Procedementos de recuperación ordinarios .....	42
- Procedementos de recuperación extraordinarios .....	43
Recursos didácticos.....	44
<b>7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....</b>	<b>45</b>
<b>8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>45</b>
<b>9. ANEXOS.....</b>	<b>47</b>
9.1 Probas de acceso a 3º, 4º e 5º de grao profesional .....	47
9.3 Criterios para a obtención de matrícula de honra .....	49



## 1. **Introdución**

---

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

## 2. **Metodoloxía**

---

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas



Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiárase nos seguintes principios metodolóxicos:

- 1) A formación individual e personalizada
- 2) Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- 3) A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- 4) Desenvolvemento da capacidade creativa
- 5) Mostra da utilidade do aprendido
- 6) A orientación educativa

### 3. Atención á diversidade

---

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Harmonía; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado non pianista deberá realizar un esforzo para conseguir tocar, como mínimo os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado nos estudos de Piano Complementario.



O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario por parte do docente.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as clases de reforzo educativo.

## 4. Temas transversais

---

### 4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical, non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos, que deben incorporarse nas diferentes áreas, có fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula; temas como a igualdade de oportunidades para ambos sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde,



compromiso có medio ambiente ou, educación para a paz, poderán ser incorporados na aula.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá, é cada día mais patente polo que, o estudo da música nos conservatorios aínda que na maioría dos casos cingúese á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais, o uso das TIC's pódense empregar có fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia, xa non é unha novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula, para a exemplificación con obras que utilizan o mesmo material harmónico que o utilizado na aula así como explorar diferentes posibilidades de harmonización dun mesmo elemento, etc.

O material en formato electrónico (exercicios, partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. Contamos no departamento con pantallas dixitais, que nos permiten a visualización por parte de toda a aula do material que o docente considere oportuno para a clase, así como a posibilidade de compartilo có alumnado dunha maneira controlada e didáctica.

As plataformas de almacenamento como Dropbox e GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para o alumnado



da materia de harmonía, e así éstos, poderán ser supervisados polo docente. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recopilar información interesante para a materia que se imparte.

Contamos tamén no centro coa Aula Virtual e a plataforma CentrosNet, e así a través delas, nos poden entregar traballos, podemos compartir material da materia, comunicarnos o alumnado có profesorado ante calquera eventualidad e viceversa, resolver dúbidas etc.

Cada docente organiza o traballo contando cós recursos dos que dispoñemos, algúns utilizan todos e outros unha parte, dependendo das necesidades da aula e da organización da materia e programación por parte de cada docente.

O uso de tódolos materiais relacionados coas TIC's empregadas na aula, deben respetar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Tendo en conta as características da materia de harmonía, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como algunha audición no curso dos traballos propios do alumnado e, outras posibles actividades relacionadas coa materia.

## **6. Secuenciación do curso**

---

A ensinanza de Harmonía no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes en 3º e 4º de Grao Profesional:





## 6.1 Curso: 3º Grao profesional de Harmonía

### 6.1.1 Obxectivos

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de linguaxe musical. Coa harmonía afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

- b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal

Para acadar este obxectivo é precisa a realización por escrito de baixos cifrados, baixos sen cifrar e tiples dados dun xeito individual por parte do alumnado, seguindo as normas de escritura harmónica sen erros de enlace e, a práctica colectiva na clase de exercicios de dificultade similar ós individuais

- c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.

Para acadar este obxectivo o alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.

- d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal

Para acadar este obxectivo é precisa a audición por parte do alumnado dos acordes e cadencias estudadas, podendo ser tocadas nun piano polo docente, polo propio alumnado ou, exercicios descargados dixitalmente por diferentes instrumentos que realicen acordes e secuencias harmónicas estudadas

- e) Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos mais comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.



Neste curso de harmonía levarase a cabo unha primeira aproximación á análise musical de obras, fragmentos de obras ou incluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.

f) Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.

Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análise e audición de obras musicais de diferentes períodos da historia da música, nun contexto tonal

g) Aprender a valorar a calidade da música.

O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuindo a formar o seu espírito crítico.

h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que poidera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático

Para acadar este obxectivo é preciso o coñecemento claro das cadencias, secuencias harmónicas mais habituais na música tonal e, coñecer as normas de enlace entre acordes na música tonal da época

i) Tocar esquemas básicos no piano.

A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno

j) Tocar os traballos realizados no piano.

Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.



### 6.1.2 Contidos

Os contidos da materia de 3º de harmonía son os seguintes:

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

- 1- Introducción (intervalos e tonalidade, consonancia e disonancia)
- 2- O acorde: O acorde e a súa constitución. Teoría tradicional sobre a formación de acordes. Clasificación dos acordes tríada. Posición e disposición. Formación e clasificación dos acordes nas escalas maior natural e menor harmónica
- 3- Estados do acorde: estado fundamental e, o seu cifrado en modo maior e menor. Intervalos harmónicos consonantes e disonantes. Funcións tonais. Disposicións, duplicacións, supresións e cifrado.
- 4- Enlaces de acordes: principios xerais e realización da harmonía. Escritura a catro partes reais. Principios xerais da conducción das voces. Duplicacións e supresións. Movemento conxunto e disxunto. Movemento melódico e harmónico.
- 5- Regras de enlace: quintas e oitavas sucesivas e directas, unísonos, falsa relación de tritono, superposición e cruzamento
- 6- Encadeamentos de acordes en estado fundamental (mecánica e expresividade) e, tratamento da sensible
- 7- Cadencias e procesos cadenciais (cadencias con acordes tríada: cadencia perfecta, semicadencia, cadencia rota e cadencia plagal)
- 8- Utilización dos elementos expostos anteriormente:
  - a) Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente. Traballo na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na aula. Neste apartado se inclúen (sempre que sexa posible) exercicios de creatividade que inclúan os contidos traballados.



- b) Práctica auditiva e instrumental: esta práctica debe conducir á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
- c) Análise de obras ou pequenos fragmentos escollidos, para relacionar os elementos e procedementos aprendidos na materia de harmonía así como, as transformacións temáticas dos materiais empregados no seu contexto estilístico e forma musical

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

- 1- Acordes tríada en primeira inversión: constitución, disposición, duplicacións, supresións e cifrado
- 2- A serie de sextas
- 3- Acordes tríadas en segunda inversión: os acordes de cuarta e sexta (de paso, floreo e cadencial). Preparación e resolución da cuarta. Duplicacións, supresións e cifrado.
- 4- Encadeamentos dos acordes en primeira e segunda inversión: características harmónicas dos distintos estados dos acordes e dos seus enlaces así como a súa mecánica e expresividade
- 5- A tonalidade e as funcións tonais no modo maior e menor
- 6- O ritmo harmónico: textura rítmica, ritmo harmónico e melódico así como indicacións dinámicas
- 7- Cadencias: engadimos as cadencias imperfectas
- 8- Notas estrañas ó acorde: emprego de floreos (superior, inferior e dobre floreo)
- 9- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente en:
  - a) Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e tiples ou cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente. Traballo na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na aula. Neste apartado se inclúen (sempre que sexa posible) exercicios de



creatividade que incluan os contidos traballados.

- b) Práctica auditiva e instrumental: esta práctica debe conducir á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
- c) Análise de obras ou pequenos fragmentos escollidos, para relacionar os elementos e procedementos aprendidos na materia de harmonía así como, as transformacións temáticas dos materiais empregados no seu contexto estilístico e forma musical

### **TERCEIRO TRIMESTRE**

- 1- O acorde de 5ª diminuída: constitución, duplicacións, cifrado e resolución en estado fundamental
- 2- Acorde de 5ª diminuída en primeira e segunda inversión: constitución, duplicacións, supresións e cifrado. Particularidades dos encadeamentos do acorde, a súa mecánica e expresividade.
- 3- O acorde de 5ª aumentada: constitución, duplicacións, cifrado e resolución en estado fundamental. O acorde en primeira e segunda inversión: constitución, duplicacións, supresións e cifrado. Particularidades dos encadeamentos do acorde, a súa mecánica e expresividade.
- 4- O acorde de sétima de dominante: constitución, estados e disposición do acorde. Resolución principal. Duplicacións, supresións e cifrado. O acorde de sétima de dominante nas harmonizacións. Estado fundamental e inversións
- 5- Cadencias e procesos cadenciais: engadimos nos que interven a sétima de dominante nas cadencias perfectas, imperfectas e rota.
- 6- A terceira de picardía ou picarda nas diferentes cadencias estudadas
- 7- Progresións unitónicas: modelo, realización, harmonización dos acordes tríada, extensión da progresión e enlace de acordes. Emprego e ritmo harmónico na progresión así como o grao de transposición.



- 8- Flexións introtonais: as dominantes secundarias e o seu emprego
- 9- Notas estrañas ó acorde: engadimos o emprego de notas de paso ós floreos xa vistos
- 10- Utilización dos elementos e procedementos expostos en:
  - a) Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e tiples ou cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente. Traballo na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na aula. Neste apartado se inclúen (sempre que sexa posible) exercicios de creatividade que incluan os contidos traballados.
  - b) Práctica auditiva e instrumental: esta práctica debe conducir á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
  - c) Análise de obras ou pequenos fragmentos escollidos, para relacionar os elementos e procedementos aprendidos na materia de harmonía así como, as transformacións temáticas dos materiais empregados no seu contexto estilístico e forma musical

### 6.1.3 Avaliación

Por ser a harmonía a continuación da linguaxe musical, é lóxico que os seus aspectos teóricos mais básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. No comezo do curso, realizarase unha avaliación inicial a todo o alumnado de maneira individual e, con contidos relacionados coa harmonía.

Terase en conta que o alumnado aprende ó longo deste estudos, o concernente ós aspectos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o seu aproveitamento, desenvólvense unha serie de criterios que orientan a disciplina desde un tratamento esencialmente vertical, case homofónico, da realización da harmonía, co fin de que os elementos e os procedementos morfolóxicos e sintácticos que constitúen a dobre dimensión sexan comprendidos na súa



formulación mais esquemática, ata o emprego de técnicas de escritura mais relacionadas coa realidade musical.

## Criterios de avaliación

### Criterios de avaliación para o 1º Trimestre en 3º GP de harmonía:

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes, e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical
- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
- 3- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversión
- 4- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc)
- 5- Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar nun instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as secuencias harmónicas realizadas



### **Criterios de avaliación para o 2º Trimestre en 3º GP de harmonía:**

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes, e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical
- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de tiple dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
- 3- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
- 4- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións
- 5- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc)
- 6- Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as secuencias harmónicas realizadas

### **Criterios de avaliación para o 3º Trimestre en 3º GP de harmonía:**

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á





mecánica de encadeamento de acordes, e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical

- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de tiple dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
- 3- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
- 4- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade, pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas
- 5- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversión
- 6- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc)
- 7- Identificar mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico



8- Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito, e interiorizar o efecto que producen as secuencias harmónicas realizadas

### Mínimos esixibles

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais (40% da nota final) e, dos exames (60% da nota final). Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5. Deberá demostrarse un mínimo de destrezas que consisten en:

1. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros (o docente facilitará unha tabla de valoración de erros)
2. Emprego dunha secuencia harmónica e un número determinado de cadencias (a determinar na proba escrita)
3. Valorarase a boa condución melódica das voces

Estes aspectos se refiren tanto ós exercicios como ós exames.

Os contidos mínimos na materia de 3º de harmonía son:

- Acordes tríadas en estado fundamental
- Acordes tríadas en 1ª inversión
- Cuarta e sexta cadencial
- Identificar as funcións tonais dos acordes
- Cadencias (perfecta, rota, imperfecta e semicadencia)
- Exercicios: baixos cifrados e sen cifrar

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á



cualificación máxima de 10, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

## Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- 1) Corrección individual semanal ou quincenal (dependendo da dificultade dos contidos que se están a traballar), de exercicios propostos polo profesorado, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- 2) Exames ou probas obxectivas trimestrais\_ que poderán ser: un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple, ou tamén un baixo-tiple combinado: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.
- 3) A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

O alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua, poderá facer un exame final (convocatoria única) de toda a materia antes da avaliación ordinaria (maio ou xuño), no horario que ten asignado ó comezo do curso.



A proba consistirá:

- Exame de baixo, tiple ou baixo-tiple combinado

A avaliación dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

Para unha avaliación positiva desta proba, o alumnado deberá ter como mínimo un 5 na nota final.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única. Realizarase no horario, na aula e có profesor asignado ó comezo do curso.

Este departamento comunica por centros net as datas correspondentes a estes exames finais.

## **Criterios de cualificación**

A nota final de harmonía dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais de cada trimestre e, dos exames trimestrais. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5.

Deberá demostrarse un mínimo de destrezas que consisten en:

- Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos (baixo, tiple ou baixo-tiple combinado) cun mínimo de erros (a tabla de valoración de erros será especificada polo docente)
- Emprego dunha secuencia harmónica e un número determinado de cadencias (a determinar no exercicio e no exame) cunha puntuación



especificada polo docente

- Valorarase a boa condución melódica das voces, e a súa puntuación será especificada polo docente

Estos aspectos se refiren tanto ó traballo individual (exercicios) como ó exame ou exames trimestrais

Os erros técnicos, na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións.., a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo profesor na proba escrita).

A materia de harmonía ten unha avaliación continua é dicir, o seu contido é acumulativo polo que, hai exercicios para cada un dos trimestres (cada vez mais difíciles) e, exames para cada un dos trimestres (cada vez mais difíciles). A materia nunca se elimina, polo que se un alumno suspende un trimestre e aproba o seguinte queda recuperado o anterior. A nota final de harmonía será, a do último trimestre.

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal ou quincenal de exercicios propostos polo profesorado, dos contidos que se están a traballar, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- Exame ou exames trimestrais, que poderán ser: un baixo (con ou sen cifrar) un tiple, e/ou tamén baixo-tiple combinado: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademáis dunha correcta realización harmónica, o coidado das diferentes liñas melódicas.



## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula no 3º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente si, se supera cunha nota mínima de 5 un exame realizado antes da avaliación do primeiro trimestre de todos os contidos da materia.

Este exame consistirá na harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos (baixo-tiple), referido a todos os contidos da materia expostos na programación. A duración do exame non excederá de 90 minutos.

A súa avaliación realizarase do seguinte xeito:

- Calificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais e, o seu correcto enlace e realización nos que se baseará o exercicio (70% da nota final) especificando no exame unha tabla de puntuación de erros e,
- Unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiples, cunha valoración do 30% na nota final.

A avaliación do exame apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

### 6.1.4 Medidas de recuperación

A materia de harmonía ten unha **avaliación continua**, polo que cada trimestre vai recuperando ó anterior (por exemplo se temos suspenso o primeiro trimestre e



aprobamos o segundo, temos nese momento a materia aprobada coa nota do segundo trimestre xa que o contido é acumulativo).

Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase un exame de recuperación que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (70% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (30% da nota final).

A final de curso como nota final da materia de 3º de harmonía, teremos a seguinte ponderación:

- 60% nota do exame ou exames do terceiro trimestre
- 40% nota dos exercicios do terceiro trimestre

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla).

Para unha avaliación positiva na materia, a nota final deberá ser como mínimo de 5

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

A proba ou exame de recuperación, realizarase no mes de maio ou finais de abril, na aula e no horario correspondente á materia a recuperar.

Este exame de recuperación que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (70% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (30% da nota final).



A nota final da materia constará: o exame de recuperación (60%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (40%). Para unha avaliación positiva na materia, a nota final deberá ser como mínimo de 5

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

### **Probas extraordinarias de xuño**

A proba extraordinaria de xuño, consistirá na harmonización dun baixo sen cifrar, ou harmonización dun tiple, ou baixo-tiple combinado que, incluírá os contidos expostos na programación de 3º de harmonía.

Se dará un tempo máximo de 90 minutos para a realización da proba e, o seu horario e data, ven determinado polo centro seguindo as indicacións do DOG. Faise necesaria a entrega e posta en limpo do exame en bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 3º de harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base ós procedementos cadenciais nos que se baseara o exame proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final. O docente adxuntará unha tabla de valoración de erros para a puntuación da harmonización do exame.

A tabla de valoración será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán puntos, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados,





realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro

- Avaliarase a creatividade e corrección das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final

Para unha avaliación positiva na proba extraordinaria é necesario como mínimo unha nota final de 5

### 6.1.5 Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de realización de exercicios escritos e, análise de partituras variadas e progresivamente mais complexas. Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- a) A formación individual e personalizada
- b) Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- c) A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- d) Desenvolvemento da capacidade creativa
- e) Mostra da utilidade do aprendido



Así mesmo fomentárase, xa desde o comezo do estudo da materia, a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas referentes tanto á harmonía, como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo, etc., que o feito musical vai xerando no seu crecemento

## 6.2 **Curso: 4º Harmonía grao profesional**

### 6.2.1 **Obxectivos**

- 1- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de linguaxe musical. Coa harmonía afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

- 2- Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal

Para acadar este obxectivo é precisa a realización por escrito de baixos cifrados, baixos sen cifrar e tiples dados dun xeito individual por parte do alumnado, seguindo as normas de escritura harmónica sen erros de enlace e, a práctica colectiva na clase de exercicios de dificultade similar ós individuais

- 3- Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.

Para acadar este obxectivo o alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.

- 4- Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal



Para acadar este obxectivo é precisa a audición por parte do alumnado dos acordes e cadencias estudadas, podendo ser tocadas nun piano polo docente, polo propio alumnado ou, exercicios descargados dixitalmente por diferentes instrumentos que realicen acordes e secuencias harmónicas estudadas

5- Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos mais comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

Neste curso de harmonía levarase a cabo unha aproximación mais avanzada, á análise musical de obras, fragmentos de obras ou incluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.

6- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.

Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análise e audición de obras musicais de diferentes períodos da historia da música, nun contexto tonal

7- Aprender a valorar a calidade da música.

O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.

8- Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que poidera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático

Para acadar este obxectivo é preciso o coñecemento claro das cadencias, secuencias harmónicas mais habituais na música tonal e, coñecer as normas de enlace entre acordes na música tonal da época

9- Tocar esquemas básicos no piano.



A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno

10-Tocar os traballos realizados no piano.

Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados

### 6.2.2 Contidos

Os contidos na materia de harmonía do 4º curso de grao profesional son os seguintes:

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

- 1- Repaso dos contidos adquiridos no terceiro curso de grao profesional de harmonía (incluíndo a sétima de dominante)
- 2- O acorde de sétima sobre todos os graos da escala: a súa constitución. Estados do acorde. Duplicacións, supresións e cifrado. Resolución da disonancia: natural e excepcional. Función tonal dos distintos acordes de sétima sen función de dominante
- 3- O acorde de sétima disminuída: constitución do acorde, resolucións, inversións, cifrados e utilización nos procesos cadenciais. Estudio da súa mecánica e expresividade
- 4- O acorde de sétima de sensible: constitución do acorde, resolucións, inversións, cifrados e utilización nos procesos cadenciais. Estudio da súa mecánica e expresividade
- 5- Flexións introtonais: dominantes secundarias e o seu emprego con todos os acordes con función de dominante estudados (acorde tríada, sétima de dominante, sétima de sensible e sétima disminuída)
- 6- Notas estrañas ó acorde: emprego de notas de paso, dobre nota de paso e floreo superior, inferior e dobre floreo



7- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- a. Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseado nos contidos expostos anteriormente. Os exercicios faránse tanto na aula como na casa sendo un traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase. Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada ou propia, ademais de realización dunha melodía acompañada (sempre que se poida)
- b. Práctica auditiva e instrumental que conduza a interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
- c. Análise de obras ou pequenos fragmentos para relacionar os elementos e procedementos adquiridos e aprendidos na materia de harmonía

**SEGUNDO TRIMESTRE:**

- 1- O acorde de novena de dominante: a novena maior e menor de dominante (constitución, resolucións e cifrado)
- 2- A modulación: diatónica e cromática. Definición de modulación. Clasificación das modulacións. Modulacións diatónicas e cromáticas a tonalidades veciñas.
- 3- Progresións unitónicas e modulantes
- 4- Notas estrañas ó acorde: notas de paso, floreos, retardos, apoiaturas.. traballadas de maneira analítica e/ou práctica
- 5- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
  - a) Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseado nos contidos expostos anteriormente. Os exercicios faránse tanto na aula como na casa sendo un traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase. Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada ou propia, ademais de realización dunha melodía acompañada (sempre que se poida)



- b) Práctica auditiva e instrumental que conduza a interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
- c) Análise de obras ou pequenos fragmentos para relacionar os elementos e procedementos adquiridos e aprendidos na materia de harmonía, ademais de ver as transformacións temáticas no seu contexto estilístico e formal (elementos sintácticos da harmonía tonal, frases musicais, ritmo harmónico, procesos cadenciais, modulacións, progresións unitónicas e modulantes, ornamentación melódica, a dinámica e o timbre así como as súas relacións coa harmonía)

### **TERCEIRO TRIMESTRE:**

- 1- O acorde de sexta napolitana: constitución, resolución ou enlace e, cifrado
- 2- Os acordes de sexta aumentada: tipos de sextas aumentadas, constitución, resolucións e cifrados
- 3- Series de sétimas: series de sétimas diatónicas e modulantes. Serie de sétimas alternadas con tríadas. Marcha clásica de sétimas. Harmonización de series de sétimas no baixo dado ou no canto dado (de xeito práctico ou analítico)
- 4- Notas estrañas ó acorde: notas de paso, floreos, retardos, apoiaturas, escapadas... traballadas de maneira analítica e/ou práctica
- 5- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
  - a) Exercicios: ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseado nos contidos expostos anteriormente. Os exercicios faránse tanto na aula como na casa sendo un traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase. Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada ou propia, ademais de realización dunha melodía acompañada (sempre que se poida)



- b) Práctica auditiva e instrumental que conduza a interiorización dos elementos e procedementos aprendidos
- c) Análise de obras ou pequenos fragmentos para relacionar os elementos e procedementos adquiridos e aprendidos na materia de harmonía, ademais de ver as transformacións temáticas no seu contexto estilístico e formal (elementos sintácticos da harmonía tonal, frases musicais, ritmo harmónico, procesos cadenciais, modulacións, progresións unitónicas e modulantes, ornamentación melódica, a dinámica e o timbre así como as súas relacións coa harmonía)

### 6.2.3 Avaliación

No comezo deste segundo curso da materia de harmonía (4ºGP), realizarase unha avaliación inicial a todo o alumnado de maneira individual e, con contidos relacionados coa materia vista no anterior curso de harmonía.

Terase en conta que o alumnado aprende ó longo deste estudos, o concernente ós aspectos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o seu aproveitamento, desenvólvense unha serie de criterios que orientan a disciplina desde un tratamento esencialmente vertical, case homofónico, da realización da harmonía, co fin de que os elementos e os procedementos morfolóxicos e sintácticos que constitúen a dobre dimensión sexan comprendidos na súa formulación máis esquemática, ata o emprego de técnicas de escritura máis relacionadas coa realidade musical.

### Criterios de avaliación

#### Criterios de avaliación para o 1º Trimestre en 4º GP de harmonía:

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de



- encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical
- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de tiples dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
  - 3- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
  - 4- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas
  - 5- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións
  - 6- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.)
  - 7- Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento de acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico





- 8- Identificar mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico
- 9- Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar con este criterio a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas
- 10- Identificar mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas
- 11- Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito, e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas

#### **Criterios de avaliación para o 2º Trimestre en 4º GP de harmonía:**

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical
- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de tipes dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo



- 3- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
- 4- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas
- 5- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións
- 6- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.)
- 7- Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento de acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico
- 8- Identificar mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico



- 9- Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico
- 10- Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar con este criterio a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas
- 11- Identificar mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas
- 12- Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito, e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas

#### **Criterios de avaliación para o 3º Trimestre en 4º GP de harmonía:**

- 1- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical
- 2- Realizar exercicios de harmonización a partir de tiples dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
- 3- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido



- sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano
- 4- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas
  - 5- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións
  - 6- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación permitirá valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.)
  - 7- Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma na que está construída unha obra, así como comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados
  - 8- Identificar, mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento de acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico
  - 9- Identificar mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os



elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico

- 10-Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico
- 11-Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar con este criterio a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas
- 12-Identificar mediante a análise, erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto permitirá valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas
- 13-Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter basicamente homofónico. Con este criterio poderase valorar tanto a capacidade do alumnado para improvisar os encadeamentos e os procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades, como o grao de interiorización destes
- 14-Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito, e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas

### **Mínimos esixibles**

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais (40% da nota final) e, dos exames (60% da nota final). Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5.



Deberáanse demostrar un mínimo de destrezas que consisten en:

- Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros (o docente facilitará unha tabla de valoración de erros)
- Emprego dunha secuencia harmónica e un número determinado de cadencias (a determinar na proba escrita)
- Valorarase a boa condución melódica das voces

Estes aspectos se refiren tanto ós exercicios como ós exames.

Os contidos mínimos na materia de 4º de harmonía son:

- Acorde de sétima de dominante (estado fundamental, inversións e resolucións)
- Acorde de sétima disminuída (estado fundamental, inversións e resolucións)
- Cadencias (perfecta, rota, imperfecta e semicadencia con sétima de dominante e sétima disminuída)
- Dominantes secundarias
- Modulación diatónica e modulación cromática
- Exercicios: baixos cifrados, baixos sen cifrar e triples

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)



## Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- 1- Corrección individual semanal ou quincenal (dependendo da dificultade dos contidos que se están a traballar), de exercicios propostos polo profesorado, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- 2- Exames ou probas obxectivas trimestrais\_ que poderán ser: un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple, ou tamén un baixo-tiple combinado: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.
- 3- A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

O alumnado que non puido ser avaliado de maneira continua, poderá facer un exame final (convocatoria única), de toda a materia antes da avaliación ordinaria (maio ou xuño), no horario que ten asignado ó comezo do curso.

A proba consistirá:

- Exame de baixo, tiple ou baixo-tiple combinado

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición



incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

Para unha avaliación positiva desta proba, o alumnado deberá ter como mínimo un 5 na nota final.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única. Realizarase no horario, na aula e có profesor asignado ó comezo do curso.

Este departamento soe comunicar por centros net as datas correspondentes a estes exames finais.

### **Critérios de cualificación**

A nota final de harmonía dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais de cada trimestre e, dos exames trimestrais. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5.

Deberá demostrarse un mínimo de destrezas que consisten en:

- Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos (baixo, tiple ou baixo-tiple combinado) cun mínimo de erros (a tabla de valoración de erros será especificada polo docente)
- Emprego dunha secuencia harmónica e un número determinado de cadencias (a determinar no exercicio e no exame) cunha puntuación especificada polo docente
- Valorarse a boa condución melódica das voces, e a súa puntuación será especificada polo docente.

Estos aspectos se refiren tanto ó traballo individual (exercicios) como ó exame ou exames trimestrais.





Os erros técnicos, na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións.., a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo profesor na proba escrita).

A materia de harmonía ten unha avaliación continua é dicir, o seu contido é acumulativo polo que, hai exercicios para cada un dos trimestres (cada vez mais difíciles) e, exames para cada un dos trimestres (cada vez mais difíciles). A materia nunca se elimina, polo que se un alumno suspende un trimestre e aproba o seguinte queda recuperado o anterior. A nota final de harmonía será, a do último trimestre.

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal ou quincenal de exercicios propostos polo profesorado, dos contidos que se están a traballar, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- Exame ou exames trimestrais, que poderán ser: un baixo (con ou sen cifrar) un tiple, e/ou tamén baixo-tiple combinado: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica, o coidado das diferentes liñas melódicas.

### **Critérios para a concesión de ampliación de matrícula**

A ampliación de matrícula no 4º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente si, se supera cunha nota mínima de 5 un exame realizado antes da avaliación do primeiro trimestre de todos os contidos da materia.

Este exame consistirá na harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos (baixo-tiple), referido a todos os contidos da materia



expostos na programación. A duración do exame non excederá de 90 minutos.

A súa avaliación realizarase do seguinte xeito:

- Calificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais e, o seu correcto enlace e realización nos que se baseará o exercicio (70% da nota final) especificando no exame unha tabla de puntuación de erros e,
- Unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiple, cunha valoración do 30% na nota final.

A avaliación do exame apoiarase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

#### 6.2.4 Medidas de recuperación

A materia de harmonía ten unha **avaliación continua**, polo que cada trimestre vai recuperando ó anterior (por exemplo se temos suspenso o primeiro trimestre e aprobamos o segundo, temos nese momento a materia aprobada coa nota do segundo trimestre xa que o contido é acumulativo).

Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase un exame de recuperación que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (70% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (30% da nota final).

A final de curso como nota final da materia de 4º de harmonía, teremos a seguinte ponderación:

- 60% nota do exame ou exames do terceiro trimestre



- 40% nota dos exercicios do terceiro trimestre

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiárase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla).

Para unha avaliación positiva na materia, a nota final deberá ser como mínimo de 5

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

A proba ou exame de recuperación, realizarase no mes de maio ou finais de abril, na aula e no horario correspondente á materia a recuperar.

Este exame de recuperación que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (70% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (30% da nota final).

A nota final da materia constará: o exame de recuperación (60%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (40%). Para unha avaliación positiva na materia, a nota final deberá ser como mínimo de 5

A avaliación dos exercicios e dos exames apoiárase cunha tabla de valoración que será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exercicio ou exame de harmonía descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa



penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo docente na proba escrita nunha tabla)

### **Probas extraordinarias de xuño**

A proba extraordinaria de xuño, consistirá na harmonización dun baixo sen cifrar, ou harmonización dun tiple, ou baixo-tiple combinado que, incluírá os contidos expostos na programación de 4º de harmonía.

Se dará un tempo máximo de 90 minutos para a realización da proba e, o seu horario e data, ven determinado polo centro seguindo as indicacións do DOG. Faise necesaria a entrega e posta en limpo do exame en bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 4º de harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base ós procedementos cadenciais nos que se baseara o exame proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final. O docente adxuntará unha tabla de valoración de erros para a puntuación da harmonización do exame.

A tabla de valoración será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán puntos, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro

- Avaliarase a creatividade e corrección das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final

Para unha avaliación positiva na proba extraordinaria é necesario como mínimo unha nota final de 5



### 6.2.5 Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de realización de exercicios escritos e, análise de partituras variadas e progresivamente mais complexas. Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade

A metodoloxía apoiarse nos seguintes principios metodolóxicos:

- f) A formación individual e personalizada
- g) Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- h) A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- i) Desenvolvemento da capacidade creativa
- j) Mostra da utilidade do aprendido

Así mesmo fomentarase, xa desde o comezo do estudo da materia, a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas referentes tanto á harmonía, como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo, etc., que o feito musical vai xerando no seu crecemento.



## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Ó longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma permanente o grao de cumprimento desta programación, así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Neste departamento todas as súas reunións constan cun apartado de seguimento da programación no que se comenta o mais destacable polos membros deste departamento e, ó final de cada trimestre cada docente facilita á xefa do departamento un seguimento personal dos diferentes grupos e materias que constará en acta ó final de primeiro trimestre, segundo trimestre e terceiro trimestre (coincidindo có final de curso).

O profesorado informará ó alumnado a principio de curso das peculiaridades da materia, ponderación dos exercicios, exames, recuperacións etc., ademais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, así como ás familias calquera eventualidade a través das titorías ou da plataforma CentrosNet, na que constan tamén as faltas de asistencia tanto xustificadas como non xustificadas. Así mesmo tentarase manter un contacto continuo cós titores do alumnado (profesorado de instrumento), para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.



Este departamento consta de catro profesores que imparten a materia de harmonía, polo que ó final do primeiro trimestre realizamos unha calibración da materia nos cursos 3º e 4º de grao profesional que consta en acta.

Este departamento se caracteriza por ter unha grande variedade de materias (harmonía, novas tecnoloxías, análise, historia da música, itinerario de musicoloxía, itinerario de composición, optativa de música nos medios audiovisuais) así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc. Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

A través da xefatura de departamento, trasládanse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que o profesorado estime necesarios.

Finalmente nas memorias de fin de curso individuais e, na memoria do departamento, revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical e artístico do alumnado de 3º a 6º de grao profesional que forma parte deste departamento.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, pantallas dixitais, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de reforzo, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita ó profesorado e alumnado levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.



## 9. ANEXOS

---

### 9.1 Probas de acceso 4º de grao profesional

A proba de acceso a 4º de grao profesional na materia de harmonía, consistirá na harmonización dun baixo sen cifrar, ou harmonización dun tiple, ou baixo-tiple combinado que, incluírá os contidos expostos na programación de 3º de harmonía.

Se dará un tempo máximo de 90 minutos para a realización da proba e, o seu horario e data, ven determinado polo centro. Faise necesaria a entrega e posta en limpo do exame en bolígrafo azul ou negro.

#### Contidos

Os contidos mínimos de 3º de harmonía serían:

- Acordes tríadas en estado fundamental
- Acordes tríadas en 1ª inversión
- Cuarta e sexta cadencial
- Identificar as funcións tonais dos acordes
- Cadencias (perfecta, rota, imperfecta e semicadencia)

#### Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 3º de harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base ós procedementos cadenciais nos que se baseara o exame proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final. O docente adxuntará unha tabla de valoración de erros para a puntuación da harmonización do exame.

A tabla de valoración será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán





puntos, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro

- Avaliarase a creatividade e corrección das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final

Para unha avaliación positiva na proba é necesario como mínimo unha nota final de 5.

## 9.2 Probas de acceso a 5º e 6º de grao profesional

A proba de acceso a 5º ou a 6º de grao profesional na materia de harmonía, consistirá na harmonización dun tiple, ou baixo-tiple combinado que, incluírá os contidos expostos na programación de 4º de harmonía.

Se dará un tempo máximo de 90 minutos para a realización da proba e, o seu horario e data, ven determinado polo centro. Faise necesaria a entrega e posta en limpo do exame en bolígrafo azul ou negro.

### Contidos

Os contidos serán todos os de 4º de harmonía, pero recollemos aquí os contidos mínimos referidos tamén nesta programación:

- Acorde de sétima de dominante (estado fundamental, inversións e resolucións)
- Acorde de sétima disminuída (estado fundamental, inversións e resolucións)
- Cadencias (perfecta, rota, imperfecta e semicadencia con sétima de dominante e sétima disminuída)
- Dominantes secundarias
- Modulación diatónica e modulación cromática



## Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 4º de harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base ós procedementos cadenciais nos que se baseara o exame proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final. O docente adxuntará unha tabla de valoración de erros para a puntuación da harmonización do exame.

A tabla de valoración será facilitada polo docente, seguindo as seguintes pautas: os erros técnicos na realización do exame de harmonía descontarán puntos, sendo éstos: oitavas e quintas paralelas, disposición incorrecta das voces, enlaces ou movementos melódicos/ harmónicos defectuosos, cifrados, realización incorrecta de progresións etc.; a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro

- Avaliarase a creatividade e corrección das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final

Para unha avaliación positiva na proba é necesario como mínimo unha nota final de 5.

### 9.3 Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007 do 11 de outubro.

Concesión de matrículas de honra:



- 1- O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso correspondente
- 2- As matrículas de honra serán propostas polo departamento de composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía
- 3- As propostas do departamento elevaranse á comisión de coordinación pedagóxica (CCP), que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra